

ARTE

# Estados da alma na pintura de Celso Varela

► O pintor pontevedrés expón no Espacio de Arte obras nas que recorre ó cabaleta e ás normas clásicas para buscar nos bodegóns para a reflexión sobre o valor do próximo

FÁTIMA OTERO • SANTIAGO

Estados da alma son os que nos deixa entrever a pintura do artista Celso Varela (Portas, Pontevedra, 1952) na Sala de Arte do Grupo Correo Gallego. Valéndose da vella práctica da pintura de cabaleta, para nada obsoleta, nos deléitanos cunha visión comovedora, en absoluto sensibleira. O tema tenlle que interesar o suficiente para quedar impresionado no lenzo, e súxirenllo asuntos extraídos ó seu contorno máis inmediato, ó substrato da realidade cotiá e á inmediatez persoal proxectada para ámbitos socialmente moito máis xenéricos.

Seguindo o sentido nitzcheano de que a arte domina a vida, deixouse seducir pola práctica artística ata o punto de abandonar a docencia pola súa gran paixón: a pintura. Os elementos do seu contorno pasan a converterse en motivo artísticos. Os bodegóns, esas naturezas mortas tan manidas pola pintura costumista, provinciana, son un dos asuntos que lle serven para se aplicar nun auténtico exercicio plástico de composicións sumamente estudia- das onde ó xogo xadrezado de manteis se superpón o intenso cromatismo do elemento frutal ou os utensilios esparramados sobre a mesa herdados das ensinanzas matissianas.

Considerando que toda arte xenuína provén da arte, Celso Varela recorre á tradición e ás normas pictóricas. Arredor dunha mesa rectangular situada nun ámbito pechado un tanto claustrofóbico e melancólico reúne obxectos ou fai meditar a persoas coñecidas e familiares, entre a soidade do lugar,



Celso Varela ante unha das obras que expón no Espacio de Arte do Grupo Correo Gallego

dun espacio privado idóneo hai séculos a costumes tan sas como saciar o apetito, ler e sabios hábitos como o faladoiro ou dilucidar cuestións vitais.

Moitos seres animados ou inanimados contribuíron a configurar planos e medir distancias. Max Weber, a mesa de Piere Bonnard ou de Miró, o banquete de voda de Bruegel son bos modelos a coación. Arredor da mesa, Celso Varela acucia a soidade do personaxe, en moitas ocasións a súa nai. Oportunidade para explorar o espírito do retratado buscando aprehender ese intre fugaz, a serenidade, a inxuedanza ou personalidade do obxecto retratado.

A matización da luz-cor que

gustaba tanto dos azuis, nas presentes composicións tórnanse grisalla, un tanto bretemosa, suspendendo a estrañaxe imaxe no tempo, no ascetismo do contorno sobrio pero que o forte temperamento expresionista do pintor soubo facelo vivir e vibrar a base de pinceladas un tanto arreatadas que sabiamente translocen a interioridade, a profundidade da ollada. Expressan a verdade interior de alguén que os mirou coa mente, os ollos e o corazón.

Arroutos nunca desbocados senón controlados febreamente, rabuñando a tea para facer latexar o pulso da retratado ou a alma da paisaxe, desa natureza vivida e tan amada: os campos de

Briallos, tan ricos en policromías esverdeadas e castaños filtrados pola emoción interior do pintor. Frenesi que non quixo prescindir da ordenación cezanniana na paisaxe, unha acotación de espacios conformadores dun contorno moi querido, recunchos emblemáticos: as pequenas hortas; as parras coadoras de fantasías; a rememoración de auténticos sabores caseiros a través do polo de curral; as carnosas cereixas. A atmosfera xerada en torno ós castos ou as veladuras filtradas a través da casa rectoral. Sempre lembrando o misterio e o encanto do lugar, do que verdadeiramente importa; o que figura no noso mundo máis próximo.

CINE

# As mulleres de verdade teñen curvas

MIGUEL SUÁREZ ABEL • SANTIAGO

Ningún encabezaemento mellor para este comentario que o título da mesma película. Patricia Cardoso, a arqueóloga colombiana que acabou en USA dedicándose a dirixir cine, acertou ata elixindo este título fermoso e sincero. Fronte a ese modelo de muller arame que se nos impón, óso en movemento, rectilínea, andróxina, talla 34, Cardoso aposta por un ambiente de mulleres de verdade: intelixentes, obsesivas, constantes, traballadoras, inseguras, libres, con ganas de decidi-la súa vida aínda cuberta de carne desparramada, carne viva que ilumina a pantalla con acerto e lucidez en base a tres eixes fundamentais: o marco social elixido, os matices ben debuxados dos personaxes e a dozura leda e intelixente que o impregna todo sen dramatismos inútiles.

O contorno social é dunha familia mexicana emigrada a USA para melloral-la vida. A base de traballo conseguen un certo estilo de vida pero aínda así Ana, a protagonista, entrapada entre os patróns culturais herdados e os novos modelos, atopa dificultades para proseguir estudos universitarios. O traballo familiar (un logro o paradoxo retratado no taller e as traballadoras que cosen os vestidos de tallas para anoréxicas) esixe tódalas mans, hai que coser e pasalo ferro sen descanso, e non será Ana diferente á nai que desde os trece leva cosendo e rompendo a columna nin distinta á irmá que queima os ollos dirixindo a produción que se ha de concluír no prazo esixido.

Pero Cardoso non se para en describir con fidelidade un aspecto sociolóxico do mundo hispano que se abre camiño en USA, senón que afonda nuns personaxes cheos de matices, odiosos e con gañas de lles perdoar todo, estúpidos e intelixentes, gordos e guapos. Ana, a irmá, o avó, o pai, sobre todo a nai menopáusica, o mozo nativo, todos configuran unha retablo de personaxes con pregamentos, tenros, entrañables, e a través das súas vidas e contradicións imos comprendendo a dificultade de se adaptar, o inxusto que ás veces somos, o belo que é vivir.

As mulleres de verdade teñen curvas é un filme intelixente, divertido, tenro, comprometido, infrecuente. Ana Pastor, agora que anda con campañas contra a anorexia, debería incluíla como oferta educativa nos centros de ensino: moitos mozos aprenderían o que todos se empeñan en lles ocultar: que as mulleres de arame non valen para vivir ben, as interesantes teñen curvas.

A DEPUTACIÓN DE OURENSE

COA NOSA

# CULTURA

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Teatro Principal

CENTRO CULTURAL DEPUTACIÓN OURENSE

PAZO DE VILANARÉN

REAL BRASO DE OURENSE DEPUTACIÓN OURENSE

escola provincial de danza

XORRADAS FOLCLÓRICAS

ORRADOIRO DE INSTRUMENTOS

ESCOLA DE ARTES E OFICIOS

Biblioteca